

**CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2025
TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-
PLÁSTICA**

O exame consta de **4 preguntas obligatorias**: a primeira, de resposta única, con valor de 7 puntos, e as demais, con posibilidade de elección entre apartados, e valor de 1 punto cada unha.

PREGUNTA 1. TÉCNICAS DE DEBUXO / TÉCNICAS DE PINTURA / TÉCNICAS MIXTAS E ALTERNATIVAS. (7 puntos)

Realice unha ilustración para promocionar unha festa gastronómica, utilizando, polo menos, catro cores diferentes e dúas técnicas distintas. Explique o proceso de traballo, xustifique a combinación das cores e as técnicas utilizadas.

PREGUNTA 2. TÉCNICAS DE DEBUXO / TÉCNICAS DE PINTURA / TÉCNICAS DE GRAVADO E ESTAMPAXE / TÉCNICAS MIXTAS E ALTERNATIVAS / PROXECTOS GRÁFICO-PLÁSTICOS. (1 punto)

Responda un destes dous apartados:

2.1. Se tivese que realizar unha proposta dun cartel publicitario para promocionar unha exposición de obras de arte, que elementos e que técnicas de expresión gráfico-plástica considera os máis apropiados para conseguir un gran impacto visual e espertar a curiosidade por ver as obras que se expoñen? Xustifique e razoe a resposta. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

2.2. Se tivese que presentar un deseño dun cartel publicitario para competir nun concurso para promocionar as actividades dun Concello, que aspectos e que técnica ou técnicas considera máis efectivas para gañar? Xustifique e razoe a resposta. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

PREGUNTA 3. ASPECTOS XERAIS: CORES. (1 punto)

Responda un destes dous apartados:

3.1. Describa as principais características expresivas e comunicativas das cores cálidas e xustifique en que circunstancias é máis oportuno empregalas para optimizar os seus valores. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

3.2. Describa e xustifique algúns supostos ou circunstancias que recomendan a combinatoria de cores frías entre si, porque favorecen as posibilidades expresivas e comunicativas da narración visual. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

PREGUNTA 4. ASPECTOS XERAIS / PROXECTOS GRÁFICO-PLÁSTICOS. (1 punto)

Responda un destes dous apartados:

4.1. Explique as características dun collage. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

4.2. Explique as características dun mural. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

**CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2025
TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-
PLÁSTICA**

El examen consta de **4 preguntas obligatorias**: la primera, de respuesta única, con valor de 7 puntos, y las demás, con posibilidad de elección entre apartados, y valor de 1 punto cada una.

PREGUNTA 1. TÉCNICAS DE DIBUJO / TÉCNICAS DE PINTURA / TÉCNICAS MIXTAS Y ALTERNATIVAS. (7 puntos)

Realice una ilustración para promocionar una fiesta gastronómica, utilizando, por lo menos, cuatro colores diferentes y dos técnicas distintas. Explique el proceso de trabajo, justifique la combinación de los colores y las técnicas utilizadas.

PREGUNTA 2. TÉCNICAS DE DIBUJO / TÉCNICAS DE PINTURA / TÉCNICAS DE GRABADO Y ESTAMPADO / TÉCNICAS MIXTAS Y ALTERNATIVAS / PROYECTOS GRÁFICO-PLÁSTICOS. (1 punto)

Responda uno de estos dos apartados:

2.1. Si tuviese que realizar una propuesta de un cartel publicitario para promocionar una exposición de obras de arte, ¿qué elementos y qué técnicas de expresión gráfico-plástica considera los más apropiados para conseguir un gran impacto visual y despertar la curiosidad por ver las obras que se exponen? Justifique y razone la respuesta. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**

2.2. Si tuviese que presentar un diseño de un cartel publicitario para competir en un concurso para promocionar las actividades de un Ayuntamiento, ¿qué aspectos y qué técnica o técnicas considera más efectivas para ganar? Justifique y razone la respuesta. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**

PREGUNTA 3. ASPECTOS GENERALES: COLORES. (1 punto)

Responda uno de estos dos apartados:

3.1. Describa las principales características expresivas y comunicativas de los colores cálidos y justifique en qué circunstancias es más oportuno utilizarlos para optimizar sus valores. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**

3.2. Describa y justifique algunos supuestos o circunstancias que recomiendan la combinación de colores fríos entre sí, porque favorecen las posibilidades expresivas y comunicativas de la narración visual. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**

PREGUNTA 4. ASPECTOS GENERALES / PROYECTOS GRÁFICO-PLÁSTICOS. (1 punto)

Responda uno de estos dos apartados:

4.1. Explique las características de un collage. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**

4.2. Explique las características de un mural. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**